

Brexit e eleccións xerais no Reino Unido

Description

Tudo semellaba indicar que a grande vencedora nas eleccións xerais convocadas no Reino Unido para o oitavo de xuño sería **Theresa May**, grazas á maneira en que se amosou decidida a defender o Brexit logo do referendo no que gañaron os partidarios de deixar a Unión Europea.

Tudo semellaba indicar que a grande vencedora nas eleccións xerais convocadas no Reino Unido para o oitavo de xuño sería **Theresa May**, grazas á maneira en que se amosou decidida a defender o Brexit logo do referendo no que gañaron os partidarios de deixar a Unión Europea.

Poucas veces terase visto unha reacción tan antidemocrática e altaneira como a que houbo co referendo do Brexit. As elites británicas, europeas e mundiais, de dereita, esquerda e centro, uníronse para insultar á xente "ignorante" que non fixera caso do que aconsellaban os expertos e votaran polo Brexit. O que lles dera un susto fora ver a posibilidade de que o neoliberalismo levase un golpe de morte coa desintegración da Unión Europea, un dos pilares máis fortes do sistema. Laiáronse de que os "ignorantes" non soubesen apreciar o mundo feliz que as elites criaran para eles. Inventaron que os que votaran o Brexit non se decataran do que facían e portanto tería que haber outro referendo para que puidesen demostrar o arrepentidos que estaban. Os medios de comunicación non pararon de facer propaganda das cousas terribíes que lle sucederían ao Reino Unido se abandonaba a Unión Europea. Viuse con claridade o moi afeitado que estaban as elites a amañar ditaduras disfrazadas de democracia sen que ninguén as parase.

No meio de toda a propaganda contra o Brexit viñeron as eleccións municipais do catro de maio. O resultado foi unha demostración tan clara de que os británicos non estaban arrepentidos de teren votado polo Brexit que non houbo maneira de seguir negando a vontade e o sentir da xente. As perdas do Partido Laborista foron inmensas; o Partido Liberal-Demócrata, que pensaba que os "arrepentidos" o votarían para demostrar europeísmo, levou un chasco e quedou cuase sen nada; o de que non se votase ao UKIP, o partido que loitara polo Brexit, demostrou que fora un movemento ad hoc para conseguilo e que xa non facía falta, aínda que podería rexurdir máis adiante. E o Partido Independentista Escocés, que non é verdadeiramente independentista porque o que quer é arredarse do Reino Unido para entregarlle a soberanía á Unión Europea, viu con temor o rexurdimento dos conservadores unionistas, que foran os favoritos de sempre na Escocia até os tempos de Margaret Thatcher.

Mas logo publicáronse os manifestos dos partidos e de inmediato mudaron os resultados das enquisas de opinión. Do programa do partido laborista moqueáronse os conservadores dicindo que era unha volta á esquerda dos anos setenta e pura saudade daqueles tempos. Os laboristas dixeron que o dos conservadores era cruel e desumano, e semella que a xente pensou iso tamén porque de golpe os conservadores foron para abaixo e os laboristas para arriba. O notábel é que, por primeira vez en moitos anos, os laboristas presentaron un programa moi de esquerda, sen se deixaren levar polo medo a que non agradase. Os conservadores, tan seguros se sentían de que a esquerda afundira para sempre, que presentaron un programa de dereita asoballante que protexe os moi ricos e deixa os demais sen nada. O Brexit estará moi no fondo destas eleccións. Se gañan os conservadores será en grandísima parte por culpa da actitude da esquerda en xeral de estar en favor da Unión Europea e en contra da independencia do país. Pero tamén contará, e moito, o de se os votantes queren unha sociedade con benestar para todos ou só para os moi ricos.

APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

Europa

ETIQUETAS

Europa Eleccións brexit

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created

Maio 2017

Meta Fields

Autoria : 3769

Datapublicacion : 2017-05-30 00:00:00

Subtitulo : Teresa Barro achega a súa visión